

Preescolar na Casa recibe o Recoñecemento UNICEF á Solidaridade



A FUNDACIÓN PREESCOLAR NA CASA recibiu o RECOÑECIMENTO UNICEF á Solidaridade, polo seu compromiso coa Infancia galega e o seu apoio a UNICEF na difusión dos Dereitos da Infancia. Con este premio UNICEF recoñece a labor realizada por Preescolar na Casa nos últimos 30 anos.

O Presidente da Fundación Preescolar na Casa, D. Alejandro Fernández Pumariño recolleu este importante galardón o 15 de xuño, nun acto celebrado na sede da Fundación Lázaro Galdiano, en Madrid, onde se entregaron os Recoñecementos de UNICEF-Comité Español á Solidaridade, baixo a presidencia da S.A.R. a Infanta Dona Margarita de Borbón, Duquesa de Soria (na foto, vemos ó Presidente da Fundación PnC recoller o premio de mans da Infanta Dona Margarita, ante a Presidenta de UNICEF España, Dona Consuelo Crespo).

Este premio concedido a todos e cada un dos que traballamos en Preescolar na Casa-Educación en Familia supón un estímulo e un reto, o estímulo de ver recoñecida a labor a carón das familias e das nenas e nenos galegos e o reto de crear cultura de educación infantil familiar na sociedade.

A nosa sociedade, que colocou o punto de mira nos logros económicos, no éxito persoal e no prestixio profesional detecta tamén a falta de protagonismo da familia nos comportamentos de nenos e rapaces. Por iso cómpre reivindicar máis tempos e presenza dos pais a carón dos fillos, máis tempo e presenza da familia.

En Preescolar na Casa-Educación en Familia estamos e estaremos a carón das familias galegas. Estamos e estaremos a carón das nenas e dos nenos, reivindicando o seu dereito a vivir aquí e agora, reclamando o seu dereito a seren nenos e nenas Con todos os dereitos. Con todos os deberes.